

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O
ACCESO Á UNIVERSIDADE
ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “LATÍN II”
Curso 2017-2018**

O grupo de traballo da materia "Latín II" considera oportuno manter para o curso 2017-2018 os mesmos contidos, a mesma estrutura da proba e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso 2016-2017. Se o actual sistema de ABAU se estabiliza, procurarase poñer en marcha un proceso para analizar e definir con tempo suficiente as modificacións que se consideren oportunas, para da mellor maneira posible adaptar o modelo de exame da materia aos requisitos da normativa vixente. Espérase que nese proceso se poida contar coa colaboración de todo o profesorado de Latín de Bacharelato de Galicia.

Polo tanto, así continuarán sendo as catro partes das que constará a proba e a distribución da puntuación asignada a cada unha desas partes:

PARTE 1: TEXTOS (ata 6 puntos)

1. Tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio (opción A) ou da obra de Fedro (opción B).

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto.

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

2. Análise morfolóxica das palabras dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas.

3. Análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítase calquera método de análise que sexa correcto.

PARTE 3: LITERATURA LATINA (ata 1,5 puntos)

4. Descrición das características principais dos xéneros literarios latinos e explicación dos autores e das obras máis representativos.

Propoñeranse dúas preguntas e haberá que responder só a unha delas.

Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto
- b) Oratoria e retórica. Cicerón
- c) Historiografía. Livio
- d) Épica. Virxilio
- e) Lírica. Horacio

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Haberá que responder soamente a dúas das tres preguntas propostas. Para as dúas últimas preguntas continuarase utilizando este curso a listaxe publicada na páxina web da CIUG para anos anteriores.

5. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou castelá.

6. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.

7. Comentario etimolóxico de topónimos.

Santiago de Compostela, setembro 2017